



Xornadas de portas abertas para aspirantes ao acceso a 1º curso do Grao Elemental.

Esta actividade nace coa finalidade de dar a coñecer, aos futuros aspirantes a alumnado, o funcionamento do Centro así como a organización das probas de acceso ao primeiro curso de Grao Elemental.

Nestas xornadas **non se impartirán coñecementos**; simplemente tentarase familiarizar aos aspirantes cun entorno que polas súas peculiaridades pode provocar unha situación de tensión e bloqueo que desemboque nun resultado por debaixo das súas aptitudes reais.

Como apuntarse para participar:

Cada participante terá dereito a asistir a unha quenda (de 2 sesións nunha semana: 1 hora o luns e 1 hora o xoves) e poderá entrar á actividade acompañado dun adulto. Para tal fin, deberá cumprimentar o documento de solicitude de inscrición e **entregalo presencialmente na conserxería do Centro, rematando o prazo ás 11:00 horas do venres anterior** ao comezo de cada quenda.

O venres da semana anterior ao comezo de cada quenda publicarase, na páxina web e no taboleiro do Centro, o listado do alumnado admitido. Por cuestións organizativas, non sempre se poderá atender á primeira opción elixida.



Solicitude de inscrición

Nome e apelidos do/da participante: _____

Pai/Nai/Titor legal: _____

Enderezo electrónico: _____

Teléfono de contacto : _____

Quendas que escolle:

Por cuestións organizativas non sempre se poderá atender á primeira opción elixida. Prégase sinalar (cando menos) dúas alternativas por orde de preferencia.

Quendas elixidas por orde de preferencia

1ª opción Quenda nº: _____

2ª opción Quenda nº: _____

3ª opción Quenda nº: _____

Unha vez comprobada a quenda asignada, os/as participantes deben agardar no exterior do centro antes da hora de comezo da actividade, onde os recibirá o profesor/a a cargo da sesión. Á finalización da actividade este profesor/a acompañará ao mesmo lugar aos participantes que non entraron á actividade acompañados dun adulto onde os pais, nais, titores/as legais terán a obriga de estar agardando para recollelos/as.


Eu _____

como pai/nai/titor/a legal de _____

declaro coñecer as normas de funcionamento, e polo tanto, eximo e libero de calquera responsabilidade ao Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

En _____, a ___ de _____ de 20__

Sinatura do pai/nai/titor legal



Curso 2024-2025

Elixé a túa quenda!

Horario: Luns ás 18h e Xoves ás 19h

Xaneiro

Quenda 1: luns 20 e xoves 23

Quenda 2: luns 27 e xoves 30

Febreiro

Quenda 3: luns 3 e xoves 6

Quenda 4: luns 10 e xoves 13

Quenda 5: luns 17 e xoves 20

Quenda 6: luns 24 xoves 27

Marzo

Quenda 7: luns 10 e xoves 13

Quenda 8: luns 17 e xoves 20

Quenda 9: luns 24 e xoves 27

Quenda 10: luns 31 e xoves 3 de abril

Abril

Quenda 11: luns 7 e xoves 10

Maio

Quenda 12: luns 5 e xoves 8

Profesorado: Cecilia Martínez/Antonio Rodríguez

**"Coñece o noso conservatorio;
coñece o teu conservatorio"**

Ven ás Xornadas de Portas Abertas!

